

	 <p><b>Amigos da Terra</b></p>		<p>amigosdaterra.net</p>
		<p><b>Amigos da Terra</b>  Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º . 36202 Vigo (Pontevedra)  Teléfono: [34] 986 229 089  e-mail: info@amigosdaterra.net</p>	

## **ALIMENTOS QUILOMÉTRICOS: INVESTIGUEMOS COMO FREAR O CAMBIO CLIMÁTICO CO QUE COMEMOS CADA DÍA!**

O informe "Alimentos Kilométricos", realizado por Amigos da Terra coas universidades de Vigo e Sevilla analiza o impacto climático dalgúns dos alimentos cotiás que importa anualmente o estado español e traduce a toneladas de CO<sub>2</sub> equivalentes o dano colateral da nosa alimentación industrializada. A través deste estudo comprobouse que os alimentos que consumimos veñen cada vez de máis lonxe: garavanzos de México, "pementos de Padrón" de Marrocos ou kiwis de Nova Zelanda.

Mentres en Galicia as terras de cultivo se abandonan, noutros lugares do Sur do planeta selvas e pobos son arrasados para producir alimentos industriais baratos que viaxarán miles de quilómetros ata chegar ás nosas mesas.

Unha **alimentación sustentable**, ademais de ser saudable para nós mesmos/as, debe respectar o medio no que todos/as convivimos. En **As Corcerizas** se demostra que este modelo é posible, baseado nunha menor pegada ecolóxica gracias á redución de emisións de CO<sub>2</sub>: enerxías renovables; eficiencia enerxética e bioconstrución; e unha alimentación sostible, de orixe local e ecolóxica.

Nestas xornadas didácticas analízanse as principais fontes de emisións de CO<sub>2</sub> da alimentación, a nosa relación con esta produción e a capacidade que temos para influir na súa redución. Co obxectivo xeral de facerse conscientes do contexto climático no que nos atopamos e da súa evolución a medio prazo; analizando os problemas que supón para o medio e capacitándonos para ser parte de posibles solucións que minimicen o noso impacto ambiental e social, podendo incorporalas á nosa toma de decisións.

### **Obxectivos**

- Visualizar o entramado do actual modelo de produción de alimentos
- Analizar as consecuencias ambientais, económicas e sociais deste modelo
- Coñecer alternativas e opcións máis respetuosas e sostibles

	 <b>Amigos da Terra</b>		amigosdaterra.net
		<b>Amigos da Terra</b> Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º. 36202 Vigo (Pontevedra) Teléfono: [34] 986 229 089 e-mail: <a href="mailto:info@amigosdaterra.net">info@amigosdaterra.net</a>	

### Contidos e Metodoloxía

En **As Corcerizas** os/as participantes adquiren coñecementos e actitudes desde unha metodoloxía lúdica e motivadora, adaptada ao público e tipo de actividade, que os/as capacita para vivir con coherencia e respecto nunha nova sociedade.

1. Analítica e reflexiva: visualizaremos a orixe dos alimentos tendo en conta as emisións de CO2, a superficie necesaria para a súa produción a escala mundial e a pegada ecolóxica deste modelo

2. Valorativa e proactiva: a través dun xogo asimilaremos os diferentes pasos da cadea de produción de alimentos, descubriremos as implicacións e consecuencias dun modelo industrializado fronte a un máis sostible e valoraremos as posibilidades que temos para mudar.

3. Crítica e construtivista: comprobaremos in situ, a través da visita polo propio Centro, a viabilidade da redución de consumos enerxéticos, así como a produción a partir de diferentes fontes renovables.

**Destinatarios/as**: a partir de 5º de Primaria; máximo 50 participantes por grupo

*Alimentación e transporte a cargo do centro escolar*

### Horario:

11:00 - 11:15	Chegada do grupo e recepción
11:15 - 12:15	Proxección de audiovisuais e reflexión en grupo
12:15 - 13:30	Presentación das conclusións do informe "Alimentos Quilométricos" Xogo de rol dos Alimentos Quilométricos
13:30 - 14:30	Xantar
14:30 - 16:00	Rota das enerxías:  - Comprensión do funcionamento dunha illa enerxética - Contacto directo coas fontes renovables: eólica, microhidráulica e solar - De forma complementaria visitarase o filtro de macrófitas e a zona de compostaxe
16:00 - 17:00	Xogos de repaso Avaliación e despedida